


1. Escribe o nome de cada un das partes do aparato dixestivo



2. Marca os órganos onde se realizan as fases do proceso dixestivo

|                               | BOCA | ESTÓMAGO | INTESTINO DELGADO | INTESTINO GROSO |
|-------------------------------|------|----------|-------------------|-----------------|
| Absorción dos nutrientes      |      |          |                   |                 |
| Eliminación de refugallos     |      |          |                   |                 |
| Formación do bolo alimenticio |      |          |                   |                 |
| Fornación do quimo            |      |          |                   |                 |
| Formación do quilo            |      |          |                   |                 |

3. Completa o seguinte texto

A través da \_\_\_\_\_ inxerimos auga e alimentos. Nela mastigámoslos cos dentes ao mesmo tempo que se mestura coa \_\_\_\_\_ que segregan as glándulas salivares. Así se forma o \_\_\_\_\_ que pode ser tragado.

Este \_\_\_\_\_ percorre o \_\_\_\_\_ para chegar ata o estómago.

No estómago mestúrase cos zumes gástricos e gracias aos seus movementos fórmase o \_\_\_\_\_, para despois pasar ao intestino delgado

O \_\_\_\_\_ e o \_\_\_\_\_ verten os seus zumes ao intestino delgado. No intestino delgado o quimo transfórmase en \_\_\_\_\_. Tamén é aquí onde se absorben a maioría dos \_\_\_\_\_ para pasar ao aparato circulatorio.

A continuación, no intestino groso, absórbese a \_\_\_\_\_ e fórmanse as feces. As feces están compostas por substancias de refugallo, é dicir, aquelas substancias que o noso corpo non pode usar para obter materia ou enerxía.

As feces son evacuadas a través do \_\_\_\_\_.


4. Escribe as partes do aparato respiratorio



5. Escolle a palabra axeitada en cada caso.

Durante a inspiración o diafragma \_\_\_\_\_ e o aire entra  
no corpo para chegar aos \_\_\_\_\_. Aquí o  
\_\_\_\_\_ pasa ao sangue e o \_\_\_\_\_  
aos alveólos. Este gas expúlsase ao exterior en cada \_\_\_\_\_,  
na cal se \_\_\_\_\_ o diafragma.

6. Coloca correctamente no debuxo as palabras do recadro



Aurícula esquerda

Aurícula dereita

Ventrículo dereito

Ventrículo esquerdo

Válvulas

7. Une cunha frecha cada vaso sanguíneo coa súa función

- |             |                                                     |
|-------------|-----------------------------------------------------|
| veas •      | • Levan o sangue desde o corazón aos órganos.       |
| arterias •  | • Conducen o sangue polo interior dos órganos.      |
| capilares • | • Conducen o sangue desde os órganos ata o corazón. |


8. Completa as seguintes frases coas palabras axeitadas

- Entre o corazón e os pulmóns, o sangue segue un circuito denominado

\_\_\_\_\_.

- O percorrido que realiza o sangue por todo o corpo, excepto polos pulmóns, constitúe a \_\_\_\_\_.

9. Escribe o nome de cada parte do aparato urinario



10 Sinala as oración que sexan verdadeiras.

|                                                    |  |
|----------------------------------------------------|--|
| Os riles filtran o sangue continuamente            |  |
| Os ouriños fórmanse na vexiga                      |  |
| Expúlsanse os ouriños ao exterior a través do ano. |  |
| A uretra masculina é máis longa ca feminina        |  |